



PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS

EXPEDIENTE: CONTRATO DE SERVICIO DE TAREFAS DE COMUNICACIÓN DO PROXECTO EUROPEO TROPA VERDE 2ª FASE, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NO MARCO DO PROGRAMA URBACT III (2014-2020).

INTRODUCCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela participa como Xefe de Fila na 2ª fase do proxecto europeo TROPA VERDE, "Rewarding recycling!" cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa URBACT III.

Dentro deste proxecto, o Concello asume a responsabilidade de executar as actividades previstas no paquete de traballo 4 (WP4) adicadas á Comunicación e a divulgación do proxecto TROPA VERDE.

As tarefas de comunicación son de vital importancia para o éxito da transferencia da "boa práctica TROPA VERDE" identificada polo Secretariado URBACT para a súa implementación polos socios do proxecto europeo. As tarefas de comunicación tamén servirán para fomentar o interese e o coñecemento sobre TROPA VERDE na cidadanía en xeral, nas entidades públicas e noutros potenciais interesados.

A estratexia de comunicación serve tamén para demostrar de que xeito estanse a gastar os cartos dos fondos europeos e o valor agregado da asignación de recursos á cooperación, nun contexto xeral de gasto público reducido.

PERIODO DE EXECUCIÓN

A 2ª FASE do proxecto TROPA VERDE ten unha duración de 24 meses.

A data de aprobación da 2ª FASE do proxecto e por tanto, a data de inicio do proxecto, é o **04/12/2018** e a data de finalización do proxecto está prevista para o **04/12/2020**.

O prazo do contrato do servizo de tarefas de comunicación iníciase coa sinatura do contrato e finaliza o 04/12/2020 sempre e cando se cumpran todas as actividades de comunicación que establece o Formulario de solicitude do proxecto e que se indican no apartado "OBJECTO DO CONTRATO".



ALCANCE E INTENSIDADE DO TRABALLO

En concreto, as actividades de comunicación a levar a cabo son:

1. Plan de comunicación do proxecto TROPA VERDE

A empresa adxudicataria deberá elaborar un **Plan de Comunicación** do proxecto TROPA VERDE.

O plan de comunicación deberá dar resposta as seguintes cuestións:

1.1. ¿Cales son os obxetivos e que se queren lograr con Tropa Verde?

- Obxetivos directos: Informar sobre as diferentes oportunidades de colaboración con Tropa Verde, segundo os diferentes perfís dos grupos obxectivo. Xerar movementos cívicos e colaboracións público-privadas hacia a sustentabilidade, a concienciación medioambiental e a economía circular.
- Obxetivos indirectos: promover a reciclaxe e a responsabilidade ambiental entre os cidadáns. Nembargantes, hai que suñar que a estratexia de comunicación non debe pretender substituír as campañas de reciclaxe existentes.

1.2. ¿Por qué? Mensaxes clave

En xeral, as mensaxes clave serán as de fomentar e aumentar a reutilización e a reciclaxe, e destacar que un comportamento responsable non soamente pode contribuir á eficiencia no uso dos recursos, senon que tamén pode proporcionar aforros ás cidades. As mensaxes clave deberán personalizarse en función do público obxectivo: cidadanía en xeral, entidades colaboradoras na transferencia das boas prácticas, e representantes políticos dos socios do proxecto.

Paralelamente, Tropa Verde debe contribuir a comunicar os obxetivos e políticas da UE en termos de reciclaxe, como os obxetivos 2030 para reducir a xeración de residuos mediante a prevención, redución, reciclaxe e reutilización.

1.3. ¿Quén? (¿e a quen?) - público obxectivo

As diferentes mensaxes deben transmitirse a diferentes audiencias obxectivo, a saber:

- Cidadanía
- Posibles puntos de recollida.
- Posibles tendas e negocios locais de servizos que colaboran entregando regalos ou descontos.
- Contrapartes nacionais e europeas.



Fondo Europeo de
Desarrollo Regional



O Plan de Comunicación tamén debe establecer claramente quen fai qué. A estratexia de comunicación xeral, estará supervisada e coordinada polo responsable de comunicación do proxecto designado polo Socio Líder, con apoio do Experto Líder.

1.4. ¿Cómo? ¿Qué tipo de actividades deben levarse a cabo para cumprir cos obxectivos?

A metodoloxía da Red de Transferencia URBACT xa establece un ambicioso número de resultados, y polo tanto de actividades orientadas a comunicar os resultados.

Ver páxina 50-51 do Documento denominado **TROPA VERDE URBACT TRANSFER NETWORK** que se achega como **ANEXO II**.

Estas actividades deberán complementarse con eventos locais e apoiarse coa produción doutros materiais de publicidade (carteis e folletos) dentro dos kits de comunicación.

As redes sociais e as comunicacións dixitais serán a maneira máis efectiva e eficiente de chegar á cidadanía. Por outra banda, os socios deben promover a presenza do proxecto en medios locais e especializados, tanto tradicionais como dixitais, a través de notas de prensa, artigos e entrevistas.

1.5. Cando e 1.6. Onde?

Xunto cos obxetivos cuantitativos, o Plan de comunicación deberá establecer claramente prazos e unha distribución de tarefas entre os socios (e, polo tanto, xeográficamente), en particular tendo en conta os principais fitos, eventos e seminarios transnacionais.

2. Elaboración do Kit de comunicación do proxecto TROPA VERDE.

O kit de comunicación básico incluírá: un folleto, un póster en A3, un comunicado de prensa, plantillas e o chamado "boilerplate", é dicir, a información que inclúe datos básicos dunha organización que se coloca ao final dunha nota de prensa.

3. Xestión das Contas de Twitter, Facebook y LinkedIn.

Se prevé un mínimo de 1 twit (para Twitter) e 1 publicación (para Facebook) por semana. LinkedIn se utilizará principalmente para a transferencia dos primeiros resultados e chegar a un público profesional.

4. Actualización da páxina web de URBACT Network Tropa Verde



Fondo Europeo de
Desarrollo Regional



A páxina web do proxecto se aloxará no sitio web www.urbact.eu xa existente, e propiedade do programa URBACT e será actualizado ao menos unha vez por semana. Para a actualización de contidos do proxecto TROPA VERDE na páxina web de URBACT a entidade adxudicataria deberá seguir as instrucións que se indican no seguinte documento:

“THE URBACT WEBSITE . USER MANUAL FOR NETWORKS.

Subject : Manual on how to use the URBACT website

Author : Stefanie Weber

Recipient : Communications officers of ongoing networks

Date : March 2019”.

Se adjunta el documento en el expediente de contratación como **ANEXO III**

5. Organización da Conferencia Final Tropa Verde/ Showcase event

O evento final de comunicación terá unha duración de 1 día e medio e se levará a cabo en outubro de 2020 en Bruxelas (Bélxica) co obxectivo de chegar a un grupo máis amplo de participantes, responsables das tomas de decisión políticas, funcionarios e redes de la UE.

A entidade adxudicataria do contrato deberá asumir a organización do evento en Bruxelas. Para ditas tarefas organizativas terá un orzamento de 2.000 € no marco deste contrato, que incluírán os gastos de desprazamento, aloxamento e manutención en Bruxelas do persoal da empresa polos días necesarios para garantir a óptima organización e coordinación do evento. Ditos gastos serán asumidos pola empresa.

A maiores, o Concello de Santiago de Compostela ten un orzamento para os gastos operativos do evento de 4.500 € que se destinarán á contratación dos servizos precisos para a realización do evento, tales como alugueiro de sala, catering, materiais de publicidade, etc. Estes gastos correrán por conta do Concello de Santiago.

6. Elaboración dos Boletíns informativos electrónicos (e-newsletters).

1 boletín electrónico cada trimestre, o que supón a realización de 8 boletíns electrónicos. A tarefas reseñadas poden agruparse pola natureza das mesmas nos seguintes apartados:

1. Labores de community manager que inclúen a xestión das contas de redes sociais sinaladas e a actualización da web do proxecto.
2. Labores de organización do encontro divulgativo final a celebrar en Bruxelas.



3. Labores de deseño, creación de contidos e maquetación dos elementos de comunicación precisos para o proxecto mencionados no kit de comunicación e boletíns electrónicos.

Idioma de traballo

O idioma de traballo do Programa URBACT III é o inglés, polo tanto, todo o traballo de comunicación debe realizarse no idioma inglés.

O custe da tradución dos traballos de comunicación ao idioma inglés deberá ser asumido con recursos propios pola empresa adxudicataria.

OBRIGAS DO CONTRATISTA EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DE INFORMACION E PUBLICIDADE COMUNITARIA ESTABLECIDAS NOS REGULAMENTOS EUROPEOS DE APLICACIÓN

Este proxecto está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa URBACT III (2014-2020).

A entidade adxudicataria do contrato deberá cumprir coa normativa europea en materia de información e comunicación que está recollida no Regulamento (UE) Nº1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013 e o Regulamento de Execución (UE) Nº 821/2014 da Comisión Europea de 28 de xuño.

Obligacións de Información e Publicidade:

A entidade adxudicataria estará obrigada a cumprir as obrigacións de información e publicidade establecidas no anexo II, sección 2.2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Concello do 17 de decembro de 2013, e, especialmente as seguintes:

a) Nos documentos de traballo, así como nos informes e en calquera tipo de soporte que se utilice nas actuacións precisas para o obxecto do contrato, aparecerá de forma visible e destacada o emblema da UE, facenda referencia expresa á Unión Europea e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

b) En toda a difusión pública o referencia ás actuacións previstas no contrato, calquera que sexa o medio elixido (folletos, carteis, etc...) se deberán incluír de xeito destacado os seguintes elementos: emblema da Unión Europea de conformidade coas normas gráficas establecidas, así como a referencia á Unión Europea e ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, incluíndo o lema “Unha maneira de facer Europa”.



Fondo Europeo de
Desarrollo Regional



EXEMPLO DE MODELO DE CONTRATO ADMINISTRATIVO



Fondo Europeo de
Desarrollo Regional

Referencia ao Fondo (FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL)

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte.....

Doutra parte

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

Primeiro.-(...)

Cuarto.-Este proxecto está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa URBACT III (2014-2020).

CLAÚSULAS DO CONTRATO

*Primeira.- D./D^a... en Nome e representación de Se compromete a levar a cabo a execución deste contrato titulado **"CONTRATO DE SERVIZO DE TAREFAS DE COMUNICACIÓN DO PROXECTO EUROPEO TROPA VERDE 2^a FASE"** cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa URBACT III (2014-2020).*

Quinta.- A entidade adxudataria estará obrigada a cumprir as obrigas de información e publicidade establecidas no apartado 2.2 do Anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e o Regulamento de Execución (UE) Nº 821/2014 da Comisión Europea de 28 de xuño.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2019

A Técnico de Xestión de Proxectos Europeos

A Economista de Promoción Económica

Eva M^a Ezcurra de la Iglesia

Carme Casado Casado